

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a vinte e sete de setembro do dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnen-se na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

Sres Asistentes

ALCALDE-PRESIDENTE

RAMIRO BELLO RECOUSO (en funcións)

CONCELLEIROS/AS

JESÚS SOUTO PENA
JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA
PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO
ADELINA LISTE MONELOS
CRISTINA VIEITES CALVO
PABLO CAMBÓN BÉRTOA
BEGOÑA DOMÍNGUEZ
PATIÑO
MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ
CASTIÑEIRA
ALBA DOLORES TOBA
FERREIRO
JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS
MARÍA PILAR NEIRA
MARTÍNEZ
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

NON ASISTE: JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA, JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ
BARBEITO E MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

Previo ó inicio da sesión a Corporación garda un minuto de silencio pola vítimas de violencia de xénero desde ano 2019

Aberto este pola Presidencia, a continuación procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día, previa escusa da ausencia dos tres membros do goberno municipal por estar participando en Israel no programa CONEXIÓN STEM: EDUCACIÓN NON FORMAL.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO ACTA DA SESIÓN DA CORPORACIÓN DE DATA 9 DE SETEMBRO DE 2019.-

Non habendo intervencións enténdese aprobada a acta por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde en funcións que se traen a Pleno 159 decretos, os ditados dende o anterior pleno ordinario.

Non se producen intervencións.

3.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019 DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS NO CONCELLO DA LARACHA PARA O ANO 2020.

Dase lectura por parte da Secretaría municipal ao Ditame da Comisión Informativa.

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 24 de setembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria remitiu a este Concello da Laracha as instrucións sobre o asunto calendario laboral 2020 o día 17 de xullo de 2020 co fin da fixación por esta administración dos festivos locais e remisión do acordo antes do día 15 de outubro de 2019.

Con base no anterior propoño ao Pleno que para no ano 2020 os festivos locais no termo municipal da Laracha sexan o martes 25 de febreiro de 2020 (martes de Entroido) e o día 8 de setembro de 2020

Na Laracha, 24.09.2019”

Os portavoces do PSOE e do BNG manifestan o seu voto a favor. Non habendo mais intervencións resulta aprobado por unanimidade.

4.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019 DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA A APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA LARACHA.

Dase lectura por parte da Secretaría municipal ao ditame da Comisión Informativa que copiado literalmente di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019.

A Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o día 24 de setembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA LARACHA

O art. 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que corresponde ós concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ao previsto na presente Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

O Concello da Laracha adheriuse ó “Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias”.

Dentro da colaboración económica e a cooperación técnica prevista no citado convenio, tamén se inclúe a prestación pola Administración Autonómica de asistencia técnica e apoio aos concellos adheridos para a tramitación por estes dos procedementos de aprobación dos plans de prevención, delimitación de faixas e de execución subsidiaria da súa competencia.

Con data 04.06.2019 (rex entrada 2692) recibíuse neste Concello o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data maio de 2019, ao abeiro do citado convenio de colaboración, e que comprende:

- 1.- Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) (Formato papel)
- 2.- Soporte dixital en formato CD
 - 2.1.- Plan de prevención en formato impresión
 - 2.2.- Cartografía en formato A1 para impresión
 - 2.3.- Plan en formato pdf para consultas

O art. 13 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) establece que “o planeamento da defensa fronte ós incendios forestais, de acordo co establecido na lexislación galega de emerxencias, se configura como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais”.

Entre as competencias que o art. 7 da Lei 3/2007, atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto na dita lei e na lexislación galega de montes, e integralo nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias. A súa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (art. 16.4 LPDIFG). Así mesmo, o art. 16.4 atribúelle ós alcaldes a coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

De conformidade co art. 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en

materia de emerxencias. En todo caso, incluíra a rede de las pistas, vías, camiños, carreteras e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da presente lei no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

Polo que respecta ó procedemento de elaboración e aprobación do Plan, a única previsión da lei LPDIFG ao respecto é que a súa aprobación debe ir precedida de informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal (art. 16.3).

Pola súa parte, a ley 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, dentro das clases de plans contempla os plans especiais contra incendios forestais, establecendo que os plans especiais de ámbito municipal ou supramunicipal se integrarán nos plans de protección civil correspondentes. No seu art. 33 establece que os plans municipais serán aprobados polos Plenos dos Concellos, previa información pública. A tales efectos, o documento publicarase na páxina web do Concello da Laracha (<http://www.alaracha.gal>) e estará a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sita na praza do Concello, s/n, CP 15145, A Laracha (A Coruña). Todo isto, sen prexuízo doutras fórmulas de difusión do documento que se consideren necesarias e oportunas para garantir o seu xeral coñecemento e posibilitar a achega de alegacións.

Con data 02.07.2019 remitiuse o documento íntegro do PMPDIF á dirección competente en materia forestal para a emisión do informe previsto no art. 16.3 da LPDIFG, non obstante dende a Subdirección Xeral de Defensa Contra os Incendios Forestais da Dirección Xeral de Montes da Xunta de Galicia acórdase co Concello a previa aprobación inicial do texto e trámite de información pública previo á emisión do dito informe preceptivo.

Por todo exposto, propoño ó Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO**:

Primeiro: APROBAR INICIALMENTE o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Laracha”, elaborado polos técnicos competentes da entidade pola Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data maio de 2019, e remitido a este Concello en data 4 de xuño de 2019, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, convenio ao que está adherido este Concello.

Segundo: Someter o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Laracha”, ó trámite de **INFORMACIÓN PÚBLICA** polo prazo de **20 DÍAS HÁBILES**, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

Terceiro: PUBLICAR o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Laracha”, na páxina web do Concello da Laracha (<http://www.alaracha.gal>), quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sita na praza do Concello, s/n, CP 15145, A Laracha (A Coruña).

Cuarto: DAR TRASLADO do presente acordo, xunto coa documentación completa do plan, unha vez rematado o período de información pública, coas alegacións que, no seu caso, se tivesen presentado, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural aos efectos da emisión do correspondente informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva (art. 16.3 da LPDIFG).

A Laracha, documento asinado dixitalmente”.

Os portavoces do PSOE e do BNG manifestan o seu voto a favor. Non habendo mais intervencións resulta aprobado por unanimidade.

5.- DITAME DA COMIISÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019 RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE INTERIOR E O CONCELLO DA LARACHA PARA A INCORPORACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL AO “SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

Dase lectura por parte da Secretaria municipal ao Ditame:

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 24 de setembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR E O CONCELLO DA LARACHA PARA A INCORPORACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL AO "SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO".

Visto o texto do “Convenio entre o Ministerio de Interior e o Concello da Laracha para a incorporación do corpo da Policía Local ao Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”.

Considerando de interese para o Concello o incorporarse a este sistema en tanto supón unha importante mellora na xestión da información sobre este aspecto, o cal resulta esencial para lograr unha máis efectiva protección das vítimas, tratándose dun sistema que se activa cando as Forzas e Corpos de Seguridade teñen coñecemento dun posible caso de violencia de xénero, momento a partir do cal se realiza un seguimento personalizado e periódico da vítima, determinando as medidas de protección máis adecuadas ao seu nivel de risco.

Visto que na Xunta Local de Seguridade celebrada o día 12.07.2019 acordouse a incorporación da Policía local de Laracha ao sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (SISTEMA VIOGÉN).

Vista a Memoria de data 9 de setembro de 2019, na cal se xustifica a necesidade da subscripción do dito convenio.

Por todo o anterior, proponho ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobamos o Convenio entre o Ministerio de Interior e o Concello da Laracha para a incorporación do corpo da Policía Local ao “Sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”, que se inclúe como documento anexo.

Segundo.- O presente convenio non conleva coste algún para o Concello, quedando calquera gasto que se puidera derivar das actuacións derivadas do mesmo condicionado, en cada caso, á existencia de crédito e á previa fiscalización.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do presente Convenio, e dos trámites necesarios para levar a cabo a execución do mesmo.

A Laracha, documento asinado dixitalmente.

ANEXO

“CONVENIO ENTRE EL MINISTERIO DEL INTERIOR Y EL AYUNTAMIENTO DE A LARACHA PARA LA INCORPORACIÓN DE LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCALES AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”.

Madrid, a de

REUNIDOS

De una parte, D./Dña. Xxxx, Secretario/a de Estado de Seguridad del Ministerio del Interior, nombrado/a por Real Decreto xx/xxxx, de xx de xxxx, al amparo de lo previsto en el artículo 62.2g) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y con domicilio a los efectos del presente convenio en la Calle Amador de los Ríos, 2, 28071 de Madrid.

Y de otra parte, D./D.^a , Alcalde/Alcaldesa del Ayuntamiento de (en adelante, el Ayuntamiento), nombrado/a por XXXXXXXX de fecha XXXXX, actuando en nombre y representación del mismo en virtud de las atribuciones que le confiere el artículo 21.a y b de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, con domicilio a los efectos del presente convenio en , .., de

Ambas partes, que actúan en razón de sus respectivos cargos, declaran que intervienen con capacidad legal necesaria y competencia suficiente para suscribir el presente convenio y, a tal efecto,

EXPONEN

Primero.- Que el artículo 149.1.29^a de la Constitución Española establece que el Estado tiene competencia exclusiva sobre la materia de seguridad pública.

Asimismo, el artículo 1.1 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, establece que la seguridad pública es competencia exclusiva del Estado, correspondiendo su mantenimiento al Gobierno de la Nación y, en concreto, al Ministerio del Interior.

No obstante lo anterior, el artículo 1.3 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, establece que las Corporaciones Locales participarán en el mantenimiento de la seguridad pública en los términos establecidos en la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y en el marco de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo.

Segundo.- Que al Ministerio del Interior, según el artículo 1.1 del Real Decreto 952/2018, de 27 de julio, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio del Interior le corresponde la preparación y ejecución de la política del Gobierno en relación con la administración general de la seguridad ciudadana; la promoción de las condiciones para el ejercicio de los derechos fundamentales, especialmente en relación con la libertad y seguridad personal, en los términos establecidos en la Constitución Española y en las leyes que los desarrollen; el mando superior y la dirección y coordinación de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado a los que, de acuerdo con la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, se les encomienda la misión de proteger el libre ejercicio de los derechos y libertades y garantizar la seguridad ciudadana.

Tercero.- Que la Ley 7/1985, de 2 de abril, en su artículo 25, atribuye a los municipios, entre otras, como competencia propia, la policía local.

Asimismo, en su artículo 57, establece que la cooperación económica, técnica y administrativa

entre la Administración local y las administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban.

Cuarto.- Que las partes son conscientes de la gravedad y persistencia de las infracciones penales cometidas en el ámbito familiar, y más concretamente en el de la violencia de género, por ello consideran necesario profundizar en las medidas de protección a las víctimas, a través de una adecuada coordinación de las actuaciones entre la Administración General del Estado y de las Entidades Locales, con el fin de prevenir y evitar riesgos de nuevas agresiones.

En este contexto, resulta fundamental disponer de un registro con la información que permita realizar un seguimiento individualizado de las circunstancias de estas víctimas y de la evolución del riesgo en que se encuentren.

Quinto.- Que en consonancia con la necesidad expuesta de mejorar la eficacia en la protección de las víctimas y en desarrollo de los artículos 31 y 32.2 de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, el Acuerdo de Consejo de Ministros, de 15 de diciembre de 2006, aprobó el "Catálogo de medidas urgentes en la lucha contra la violencia de género".

Entre las medidas aprobadas se incluye la creación de una nueva base de datos común para las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que permita tener conocimiento permanente de las circunstancias de las víctimas para realizar una valoración del riesgo objetivo de sufrir nuevas agresiones y adoptar las medidas de protección adecuadas.

Sexto.- Que en cumplimiento de lo anterior, el Ministerio del Interior ha desarrollado una aplicación informática que da soporte al "Sistema de Seguimiento Integral de los casos de Violencia de Género", y que constituye un instrumento básico para:

a) Integrar la información policial, judicial y penitenciaria sobre dicho fenómeno y sus circunstancias, que posibilite y garantice el necesario seguimiento y coordinación de las actuaciones puestas en marcha para la protección de las víctimas.

b) Realizar la valoración del nivel de riesgo de nuevas agresiones, para graduar las respuestas y las medidas policiales de protección.

c) Proporcionar esta información a los diversos operadores que intervienen en la protección institucional.

Séptimo.- Que dado que la protección policial a las víctimas corresponde a todas las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad -estatales, autonómicas y locales-, en el ámbito de sus competencias, según establece el artículo 31 de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, la integralidad del Sistema requiere la incorporación al mismo de todas ellas.

Por lo expuesto, las partes acuerdan suscribir el presente convenio que se regirá por las siguientes,

CLÁUSULAS

Primera.- Objeto del Convenio.

El presente convenio tiene por objeto establecer la forma de colaboración entre la Secretaría de Estado de Seguridad y el Ayuntamiento para la adecuación de los mecanismos técnicos informáticos necesarios para que los miembros del Cuerpo de Policía Local de la Entidad Local que actúen en materia de Violencia de Género se incorporen al "Sistema de Seguimiento integral de los casos de Violencia de Género" del Ministerio del Interior.

Segunda.- Adecuación de los sistemas informáticos.

Los Servicios Técnicos del Ministerio de Interior y los del Ayuntamiento estudiarán conjuntamente los procedimientos necesarios para adecuar sus sistemas informáticos y permitir las

conexiones necesarias, ejecutándolas cada uno en su ámbito competencial.

Tercera.- Compromisos que asume la Secretaría de Estado de Seguridad.

1. Promoverá y facilitará la organización de formaciones en el uso y funcionalidades del sistema VioGén, aportando las directrices, material y apoyo necesario, a solicitud de la Unidad de Coordinación de Violencia/Unidad de Violencia (UCV/UV) de la Delegación del Gobierno/Subdelegación del Gobierno. Corresponde a dicha Unidad promover las actuaciones tendentes a la formación y especialización de profesionales que intervienen, desde sus respectivos ámbitos de actuación, en las situaciones de violencia de género, incluyendo los Cuerpos de Policía Local. Para ello deberá recabar la colaboración del Cuerpo estatal competente en la demarcación con el que el Cuerpo de Policía Local suscribió el oportuno Protocolo de Coordinación y Colaboración en materia de violencia de género, requisito previo para la suscripción del presente Convenio.

2. Establecerá los controles de seguridad oportunos en los accesos al Sistema y contará con un procedimiento de auditoría para garantizar el correcto uso del Sistema y acceso a la información alojada en este por parte de los usuarios del Cuerpo de Policía Local habilitados.

3. Podrá dar de baja a usuarios del Cuerpo de Policía Local que, habiendo sido habilitados para acceder al Sistema, no lo hayan hecho en un plazo superior a un año.

Cuarta.- Compromisos que asume el Ayuntamiento a través del Cuerpo de Policía Local.

1. Aplicar el “Protocolo para la valoración policial del nivel de riesgo de violencia de género” en los supuestos de la Ley Orgánica 1/2004 de 28 de diciembre, en los términos previstos en la Instrucción 4/2019 de 6 de marzo, y con las necesarias adecuaciones derivadas de su ámbito competencial y conforme a los criterios establecidos en el Protocolo de Coordinación y Colaboración en materia de violencia de género suscrito con el Cuerpo Policial estatal competente en la demarcación.

2. Solicitar a través del Administrador Territorial / General del Sistema VioGén, competente en la demarcación, que se habilite usuarios del Cuerpo de Policía Local, en funciones de violencia de género, para acceder al Sistema VioGén y desempeñar las funciones previstas en el Protocolo de Coordinación y Colaboración en materia de violencia de género suscrito por ambos Cuerpos.

3. Cualquier incidencia en la habilitación de usuarios deberá ser puesta en conocimiento de la Administración Central del Sistema VioGén a través del Administrador General de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, competente en su demarcación.

4. Facilitar a la Administración Central del Sistema VioGén una relación permanentemente actualizada de usuarios de dicha Policía Local debidamente identificados y autorizados para conectarse al Sistema y velar porque estos utilicen correctamente tanto sus claves de acceso como la información a la que accedan a través del Sistema.

5. Promocionar y estimular a los usuarios del Cuerpo de Policía Local habilitados en el acceso al Sistema, tanto en modo consulta, como mediante la introducción y/o actualización de datos significativos para la protección de las víctimas en el contexto de su ámbito territorial y competencial, según lo contenido en el Protocolo de Coordinación y Colaboración en materia de violencia de género suscrito con el Cuerpo Policial Estatal y siguiendo las instrucciones de procedimiento recogidas en los Manuales de usuario y/o proporcionadas por la Administración Central VioGén.

Quinta.- Protección de datos de carácter personal.

1. Las partes se comprometen a mantener en secreto todos los datos e informaciones facilitados por la otra parte y que sean concernientes a la ejecución del objeto del presente convenio. En particular, será considerado como información confidencial todo el saber hacer resultante de la ejecución del objeto del mismo, debiendo las partes mantener dicha información en reserva y secreto y no revelarla de ninguna forma, total o parcialmente, a ninguna persona física o jurídica que no sea parte del convenio.

2. Las partes se obligan al cumplimiento de lo previsto en la normativa vigente en materia de protección de datos y, en concreto, a lo dispuesto en la Directiva (UE) 2016/680 del Parlamento Europeo

y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativa a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales por parte de las autoridades competentes para fines de prevención, investigación, detección o enjuiciamiento de infracciones penales o de ejecución de sanciones penales, y a la libre circulación de dichos datos y por la que se deroga la Decisión Marco 2008/977/JAI del Consejo, y en la normativa nacional que la transponga.

A estos efectos, las entidades firmantes del convenio tendrán la consideración de responsables de los tratamientos propios en los que se incorporen datos de carácter personal respectivamente recabados en el ámbito del Sistema de Seguimiento Integral en los casos de Violencia de Género (Sistema VioGén). El acceso a los datos por parte de una de las entidades al tratamiento de la otra parte, se realizará con la condición de encargado de tratamiento, única y exclusivamente con la finalidad derivada de la realización de las actividades objeto del convenio. Los datos de carácter personal no serán cedidos ni comunicados a terceros, salvo cuando se cedan a encargados de tratamiento legitimados o cuando se cedan a otras Administraciones Públicas conforme a lo previsto legalmente.

3. En relación con los datos personales necesarios para el cumplimiento del objeto del presente convenio, actuarán como responsables del tratamiento la Secretaría de Estado de Seguridad y la Entidad Local, legitimados sobre la base del cumplimiento de una obligación legal aplicable al responsable del tratamiento y para el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos al responsable del tratamiento, al amparo de lo previsto en el artículo 6.1.c) y e), respectivamente, del Reglamento General de Protección de Datos.

4. Los datos objeto de tratamiento tendrán por finalidad mejorar la eficacia en la protección de las víctimas de violencia doméstica y de género; facilitar el seguimiento de las circunstancias de riesgo que concurren en ellas; alertar de su evolución, permitiendo que se adopten las medidas de protección adecuadas; y prevenir el riesgo de nuevas agresiones. Se clasificarán en las siguientes categorías: datos relativos a la comisión de infracciones penales relacionadas con la violencia doméstica y de género; de carácter identificativo; de características personales; y de carácter asistencial.

5. Las partes firmantes están obligadas a implantar medidas técnicas y organizativas necesarias que garanticen la seguridad e integridad de los datos de carácter personal y eviten su alteración, pérdida, tratamiento o acceso no autorizado.

6. Las partes firmantes del convenio quedan exoneradas de cualquier responsabilidad que se pudiera generar por incumplimiento de las obligaciones anteriores efectuada por cualquiera otra parte. En caso de quebrantamiento de las obligaciones asumidas, la entidad que los hubiera cometido responderá de las infracciones en que hubiera incurrido.

Sexta.- Financiación del Convenio.

El presente convenio no conlleva coste para ninguna de las partes que lo suscriben ni transferencia de recursos económicos entre las mismas.

Séptima.- Comisión de Seguimiento.

1.- Se establece una Comisión de Seguimiento del presente convenio, constituida por dos representantes de la Secretaría de Estado de Seguridad y por dos representantes del Ayuntamiento que serán nombrados por la persona titular de la Secretaría de Estado y por su Alcalde, respectivamente.

2.- Los miembros de esta comisión podrán ser sustituidos por las personas que éstos designen.

3. La presidencia de la Comisión de Seguimiento corresponderá a la Secretaría de Estado de Seguridad, así como la designación del secretario, que actuará con voz pero sin voto.

4. La Comisión de Seguimiento resolverá los problemas de interpretación y cumplimiento que se deriven del presente convenio.

5.- El funcionamiento de la Comisión de Seguimiento se adecuará en lo previsto, para los órganos colegiados, en los artículos 15 a 22 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

Octava.- Régimen de modificación del convenio.

El convenio podrá ser modificado por acuerdo unánime de las partes.

Novena.- Legislación aplicable.

Este convenio queda sometido al régimen jurídico de los convenios, previsto en el Capítulo VI del Título Preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, teniendo naturaleza administrativa.

Las dudas o controversias que surjan entre las partes sobre los efectos, interpretación, modificación o resolución del mismo que no puedan resolverse por conciliación en la Comisión de Seguimiento, serán sometidas a los tribunales competentes de la jurisdicción contencioso-administrativa, de acuerdo con lo previsto en la Ley 29 /1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Décima.- Vigencia y entrada en vigor.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, el presente convenio resultará eficaz una vez sea inscrito en el Registro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de cooperación del Sector Público Estatal y tras su publicación en el Boletín Oficial del Estado.

La vigencia de este convenio será de cuatro años. Antes de la finalización de la vigencia del convenio, la Secretaría de Estado de Seguridad y el Ayuntamiento podrán acordar, expresamente y por escrito, su prórroga por hasta otros cuatro años adicionales.

Undécima.- Causas de extinción.

Son causas de extinción del presente convenio las establecidas en el artículo 51 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre.

Las partes garantizarán la continuidad, hasta su conclusión, de aquellas actuaciones que se encuentren en ejecución en el momento de la extinción de la vigencia del convenio estableciendo un plazo improrrogable por las partes para la ejecución de las actuaciones.

Y en prueba de conformidad de cuanto antecede, firman el presente convenio en dos ejemplares originales, igualmente válidos, en lugar y fecha arriba indicados.

EL/LA SECRETARIO/A DE ESTADO DE
SEGURIDAD

EL AYUNTAMIENTO DE XXXXX”

Os portavoces do PSOE e do BNG manifestan o seu voto a favor. Non habendo mais intervencións resulta aprobado por unanimidade.

6.- MOCIONES DE URXENCIA

6.1. MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO BNG O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019 CO Nº 4530 RELATIVA Á VIOLENCIA DE XÉNERO.

Parte expositiva:

(...)

ACORDO:

1. *Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.*
2. *Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico*
3. *Demandar ao goberno central:*
 - a. *O incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.*
 - b. *A reformulación de criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto*
 - c. *Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)*
4. *Demandar da Xunta de Galicia:*
 - a. *Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020*
 - b. *Deixar de incumprir a Lei 11/2007 do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.*

Logo da lectura da moción por parte da concelleira nacionalista Carolina Brandón, sométese a votación urxencia resultando aprobada por unanimidade.

Intervén a voceira do PSOE e di que querer manifestar a súa conformidade cos puntos 1 e 2 do texto, que por outra banda enmenda totalmente o punto 3 na súa totalidade e o punto 4 no apartado a) enmendaría o texto quedando do seguinte xeito *Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero* e o apartado b) quedaría tal e como está.

Intervén o concelleiro do PP Jesús Souto Pena e di que o seu grupo plantexa tamén unha enmenda. Apoian os puntos 1 e 2 do texto. Respecto os puntos 3 e 4 plantexa unha enmenda que coincide co texto da moción que o PSOE e o BNG presentaron recentemente na Deputación da Coruña que di:

3. *Solicitar do Goberno galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como a aprobación de partidas económicas para dotar a mais persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carecen deles*

4. Solicitar do Goberno do Estado un incremento das contías económicas destinadas á administración local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.

Rematada presentación de enmedas, procédese a votar a enmenda presentada en primeiro lugar que é a do PSOE quedando rexeitada por 4 votos a favor (PSOE), 2 abstencións (BNG) e 8 en contra (PP)

Sométese a votación a enmenda presentada polo PP resultando aprobada por 8 votos a favor (PP), e 6 abstencións (BNG+PSOE), quedando polo tanto aprobada a enmenda presentada polo Partido Popular.

6.2.MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO BNG NO REXISTRO O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2019 CO N° 4419 RELATIVA A EUSKALTEL

Da lectura a concelleira nacionalista Carolina Brandón

ACORDO:

1º.- Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das *traballadoras e traballadores das empresas auxiliares que prestan servizos de operación e mantemento de rede e atención do cliente R cable, para que estes servizos continúen a ser prestados desde territorio galego, garantindo ademais que a atención ao cliente se siga dando en galego.*

2º.- *Instar ao Goberno Municipal a dirixirse a R Cable e Euskaltel para que se senten a negociar coas traballadoras e traballadores afectados e se reverta a situación, e que ganrantan o cumprimento do dereito dos consumidores a ser atendidos en idioma galego*

Sométese a votación a urxencia da moción resultando aprpbada por unanimidade.

O PP manifesta o seu apoio ós traballadores de RCable pero plantexa unha enmenda de supresión do punto 2º da moción por considerar que excede do ámbito das competencias municipais. Sométese a votación a enmenda plantexada polo PP resultando aprobada con 8 votos a favor (do PP) e 6 abstencións (4 PSOE + 2 BNG)

6.3. MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO PSOE O 24 DE SETEMBRO DE 2019 CO N° 4543 RELATIVA A SEGURIDADE VIARIA

Da lectura a concelleira socialista María Palomi Rodríguez

ACORDO:

1º.- *Establecer unha limitación de velocidade entre o punto quilométrico 22 e 23 da estrada autonómica AC-552 que garanta a seguridade dos peóns.*

2º.- *Instalar elementos que fagan necesaria a redución de velocidade no tramo sinalado.*

Sometida a urxencia a moción resulta rexeitada por 8 votos en contra (do PP) e 6 a

favor (4 do PSOE e 2 do BNG)

Explica o concelleiro do PP Jesús Souto que se a Xunta de Galicia non autoriza o establecemento dun límite de velocidade inferior ou a instalación de elementos para reducir a velocidade dos vehículos porque o tramo non cumpre os requisitos

6.4. MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO PSOE O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2019 CO Nº 4537 RELATIVA AO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA

Dase lectura pola concelleira socilista María Palomi Rodríguez á moción presentada xuxa parte expositiva di:

ACORDO

O Pleno do Concello da Laracha insta a Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional a:

- a) *Reforzar e garantir o suficiente profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) no CEIP Otero Pedraio e no IES Agra de Leborís.*
- b) *Planificar a realización das necesarias e pendentes obras, neste último trimestre do ano 2019 no CEIP Ramón Otero Pedraio.*

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 8 votos en contra (PP) e 6 a favor (4 PSOE e 2 BNG)

Intervén o concelleiro do PP Jesús Souto e di que a Xunta de Galicia garante que o profesorado de Pedagogía Terapéutica sexa suficiente mediante un catálogo no que se recollen todos os centros de primaria.

Que ao CEIP Otero Pedraio correspóndenlle 2 profesores de Pedagogía Terapéutica e 1 técnico en audición e linguaxe. As 3 prazas están cubertas. E que no Agra de Leborís non se contempla ese tipo de profesorado no catálogo pero aínda así ten dúas prazas cubertas de PT. Que si o centro desexa mais especialistas debe solicitalo.

Di o concelleiro que tamén se rexeita a outra cuestión da moción. Que vaise asinar en breve o contrato

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

7.1. ROGO DO BNG RELATIVO A VESTIARIOS NA PISCINA MUNICIPAL DA LARACHA (nº 4549).

(...) solicitamos:

- A creación dun espazo infantil nos vestuarios da piscina municipal da Laracha, dotada así mesmo de cambiadores, para facilitar tanto a país como nais acompañar ás súas crianzas sen importar cal sexa o sexo destas para desfrutar as instalación.

O concelleiro Jesús Souto, do goberno, explícallea concelleira nacionalista Carolina

Castiñeiras que o espazo físico é o que hai. E que é complicado facer un aceso,. Pero estudarase

7.2. ROGO DO BNG RELATIVO Á INSTALACIÓN DE APARATOS BIOSALUDÁBEIS (nº 4548).

(...) solicitamos:

.- A instalación de aparatos biosaludábeis para xente maior na contorna do Centro Sociocultural de Paiosaco.

.- A reparación dos elementos en mal estado no parque infantil do centro sociocultural de Paiosaco.

Contéstalle ao rogo formulado pola concelleira nacionalista Carolina Castiñeiras o alcalde en funcións Ramiro Bello para informarle que a reparación do columpio farase cando se entreguen as pezas de fábrica que xa están solicitadas e que a instalación do parque biosaludable xa formaba parte do programa do PP e estáselle buscando a ubicación maiais idónea.

7.3. ROGO DO PSOE RELATIVO A ESTRADA DE VILASUSO (nº 4535)

(...)

Que por parte desa alcaldía elabore un proxecto de acondicionamento e mellora da estrada que transcorre polo lugar de Vilasuso (Torás) asi como a súa posterior execución segundo dispoñibilidade orzamentaria

Contéstalle o concelleiro Jesús Souto ao rogo formulado pola concelleira María Palomi Rodríguez dicíndolle que está en fase de contratación

7.4. ROGO DO PSOE RELATIVO Á LIMPEZA VIARIA (nº 4541)

(...)

Que por parte da alcaldía se adopten con urxencia as medidas precisas para solucionar o problema de deficiencias na limpeza viaria (estando as beirarrúas con manchas e suciedade incrustada).

Contesta o concelleiro Jesús Souto ao rogo formulado pola concelleira María Palomi Rodríguez e di que Aspaber ten un calendario de actuacións e realizou recentemente unha limpeza xeral das beirarrúas. Que non obstante revisarse se quedou alguna zona por limpar.

7.5. ROGO DO PSOE RELATIVO A SUMIDEIRO EN AMIEIRO (Nº 4542)

(...)

Que por parte da alcaldía se adopten con urxencia as medidas precisas para solucionar o problema do sumidoiro que vai cara a Amieiro

Contéstalle ao rogo formulado pola concelleira socialista María Palomi Rodríguez o

concelleiro Jesús Souto e di que é de Carreteras. Que se falará co Organismo en cuestión.

7.6. PREGUNTA DO PSOE (N° 4536)

Formulada pola voceira socialista María Palomi Rodríguez

*Ten o Goberno municipal dos ataques producidos á gandería por lobos?
Cantos destes ataques se eñen rexistrado no que vai de ano?
Cantos animais levan falecidos por estes ataques?*

Contesta o alcalde en funcións e manifesta que trátase dunha cuestión da Consellería de Medio Rural e que por iso non teñen constancia.

7.7. PREGUNTA DO PSOE (N° 4544)

Formulada pola voceira socialista María Palomi Rodríguez

*En que consiste o programa de compostaxe caseiro?
Que campaña divulgaiva ten o Goberno municipal para promover e fomentar a compostaxe?
Que número de demanda hai de composteiros? Existe lista de espera?*

Contesta o alcalde en funcións e manifesta que o concello dispoñía de 75 composteiros cedidos e desenvolveuse unha campaña informativa. Lembra que no vindeiro ano implantarase a quinta fracción de recollida selectiva, o contenedor marrón de orgánicos.

7.8. PREGUNTA DO PSOE (N° 4545)

Formulada pola voceira socialista María Palomi Rodríguez

Que previsión manexa o Goberno local para o comezo das obras (da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da segunda fase das obras de ampliación do colexio Ramón Otero Pedraio?

Contéstalle o alcalde que os prazos márcaos a Consellería de Educación e que o procedemento está disponible na plataforma de contratos públicos de Galicia.

Non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión sendo as 14:40h